



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 39
2 de novembro de 2020



CSV: BOPGDSPGQfsGDxm3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

COMISIÓN 1ª INSTITUCIONAL DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

■ Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

Emendas á totalidade (un total de dúas):

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4163) [12946](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4164) [12953](#)

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

■ Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia

Emendas á totalidade de devolución:

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4157) [12955](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4162) [12959](#)

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

■ Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia

Emendas á totalidade de devolución:

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4156) [12972](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4161) [12975](#)



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Aprobación con modificacións

843 (11/PNC-000054)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego ante o Concello de Vigo para acadar a cesión do espazo para a edificación da futura biblioteca pública de Vigo e ante o Goberno central para que incorpore aos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 unha partida específica para a súa construción [12943](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

3095 (11/PNC-000350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación coa adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable dos centros públicos de ensino e a súa distribución [12944](#)

Rexeitamento das iniciativas

2384 (11/PNC-000243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a consignación polo Goberno galego, para o ano 2021, dunha partida orzamentaria para o cumprimento das obrigas derivadas da catalogación do parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, a reversión do seu estado de deterioración e o seu retorno ao uso e aproveitamento público [12944](#)

3208 (11/PNC-000361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Concello de Santiago de Compostela referido á implantación dun conservatorio profesional de danza nesa cidade, así como para facilitar esas ensinanzas ao alumnado residente no centro-sur de Galicia [12944](#)

3327 (11/PNC-000378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego tendentes a construír un conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela [12945](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

COMISIÓN 1ª INSTITUCIONAL DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia

A Mesa da Comisión 1ª Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do día 29 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade (un total de dúas):

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4163)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4164)

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia

A Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do día 30 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade de devolución:

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4157)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4162)

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia**

A Mesa da Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do día 30 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade de devolución:

- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 4156)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 4161)

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 30 de outubro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso**1.3.6. Proposicións non de lei****1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas****Aprobación con modificacións**

- 843 (11/PNC-000054)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego ante o Concello de Vigo para acadar a cesión do espazo para a edificación da futura biblioteca pública de Vigo e ante o Goberno central para que incorpore aos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 unha partida específica para a súa construción

BOPG nº 9, do 02.09.2020

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, por 7 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta:



1. O Goberno galego a reclamar do Concello de Vigo que realice, coa maior brevidade posible, a cesión do espazo para a edificación da futura biblioteca pública de Vigo.

2. O Goberno galego a reclamar do Goberno central que incorpore aos orzamentos xerais do Estado para o ano 2021 unha partida específica para a construción da futura biblioteca pública de Vigo, coas características e investimentos demandados pola Xunta de Galicia no informe de necesidades presentado ao Ministerio de Cultura.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 3095 (11/PNC-000350)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación coa adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable dos centros públicos de ensino e a súa distribución

BOPG nº 30, do 14.10.2020

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a regular os criterios e o procedemento de adquisición e distribución de máscaras hixiénicas entre o alumnado dos centros educativos de Galicia no curso 2020-21; co obxecto de ofrecer garantías xurídicas, lograr axilidade na aplicación da medida e evitar desigualdades entre os potenciais beneficiarios.»

Rexeitamento das iniciativas

- 2384 (11/PNC-000243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a consignación polo Goberno galego, para o ano 2021, dunha partida orzamentaria para o cumprimento das obrigas derivadas da catalogación do parque do Pasatempo, de Betanzos, como ben de interese cultural, a reversión do seu estado de deterioración e o seu retorno ao uso e aproveitamento público

BOPG nº 23, do 30.09.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 3208 (11/PNC-000361)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Concello de Santiago de Compostela referido á implantación dun conservatorio profesional de danza nesa cidade, así como para facilitar esas ensinanzas ao alumnado residente no centro-sur de Galicia

BOPG nº 30, do 14.10.2020



Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 3327 (11/PNC-000378)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego tendentes a construír un conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela

BOPG nº 30, do 14.10.2020

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia [11/PL-000005 (doc. núm. 2794)]**, en base ás seguintes consideracións:

A presente emenda de totalidade xustifícase pola discrepancia do BNG a respecto de cuestións fundamentais do Proxecto de lei, que ao noso xuízo é unha norma falta de visión e de misión, desequilibrada e autolimitada. Unha norma neste sentido herdeira da degradación xerárquica que sufriu a política exterior da Xunta de Galiza nos últimos anos, tanto no plano político, como no administrativo e o orzamentario.

O texto adoece de importantes eivas formais e técnicas, derivadas da xustaposición e non integración dos dous grandes ámbitos da lei: a política exterior en sentido amplo e a política de cooperación exterior para o desenvolvemento. Mentres que no segundo percíbese claridade e xerarquía no desenvolvemento da norma, derivada da tradición do traballo neste campo e do desenvolvemento legislativo previo, o primeiro é un documento pouco estruturado, desequilibrado e con importantes carencias conceptuais e de contido, derivadas do perfil baixo da acción exterior galega nos últimos anos e da incongruencia que supón que esta norma sexa na práctica a elevación a rango de lei dun decreto previo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, se ben a inclusión na mesma lei da acción exterior e a cooperación para o desenvolvemento é un avance, esta expectativa queda defraudada pola falta de conexión e integración entre os seis primeiros títulos, dedicados á acción exterior en xeral, e o sétimo, referido á cooperación para o desenvolvemento.

No referido a cuestións formais e de estrutura, entendemos que o título preliminar debería integrar os dous ámbitos referidos, a política exterior en sentido amplo e a cooperación para o desenvolvemento. Por outra parte é evidente a descompensación formal e estrutural entre o título VIII (Cooperación para o Desenvolvemento) e os demais. A organización deste Título, coa delimitación en primeiro lugar dos Principios, Obxectivos e Criterios; o desenvolvemento da Planificación e das prioridades; a definición da organización institucional e da participación a través do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento; a referencia a Recursos e financiamento; a determinación de Axentes da Cooperación para o Desenvolvemento (entidades locais, universidades, organizacións non gobernamentais, comunidades galegas no exterior, organizacións sindicais, empresas e organizacións empresariais, outros axentes...), o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento... debería aplicarse ao conxunto da acción exterior.

No referente ao contido, a primeira eiva do texto, xa presente no Decreto de Acción Exterior aprobado en 2015, é que opta por unha política exterior dependente, subordinada, tutelada e pouco ambiciosa. Unha política exterior sometida ao control preventivo do Estado, como se pon de manifesto de xeito reiterado ao longo do texto. En consecuencia, na liña da tradición previa, o Proxecto define unha acción





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

basicamente administrativa, subordinada á estratexia estatal, autolimitada no marco da UE, centrada no ámbito económico e do comercio exterior, e sen carácter proactivo. Esta consideración menor da acción exterior ten o seu correlato nunha eiva que o Proxecto non resolve: a necesidade de creación, consolidación e impulso dun Centro Directivo con xerarquía e capacidade para exercer a coordinación con outros departamentos, con criterio de transversalidade e complementariedade.

Neste sentido, o texto mantén a fragmentación política, administrativa e sectorial da acción exterior galega: non define a coordinación efectiva e ao máis alto nivel, as competencias na materia seguen disgregadas e teñan rango de Dirección Xeral, sen capacidade de coordinación efectiva da acción exterior de todo o goberno. Tampouco se entende que a política en relación coa Emigración e o Retorno non estea integrada dunha maneira máis decidida na política de acción exterior galega.

A segunda gran carencia do texto, tamén aliñada coa actuación política precedente, é que non estamos diante dunha lei de acción exterior de Galiza, senón dunha lei de acción exterior da administración autonómica. É evidente na realidade e no Proxecto a falta de integración, coordinación e impulso da acción exterior do goberno autonómico en colaboración coas entidades locais, universidades, empresas, ou fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro que teñen como un dos seus fins principais o eido internacional,... Unha realidade que contrasta tamén co maior desenvolvemento e integración que presenta a política de cooperación para o desenvolvemento, que se ben é moi mellorábel, está moito máis estruturada e integrada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En relación co anterior, o Proxecto desaproveita a oportunidade do relanzamento, reestruturación e impulso do Consello de Acción Exterior como órgano de participación, consultivo e asesor da administración. O CAEX, creado polo Decreto 368/2009, revelouse ao longo destes anos como un organismo pouco operativo, burocrático, desequilibrado na súa composición, no que os grupos de traballo non foron operativos e que non ten unha actividade regular.

A terceira eiva do Proxecto ten a ver coa indefinición da Planificación, dos recursos, do financiamento e do seguimento e avaliación da acción exterior. Unha carencia relacionada coa concepción e contido da actual Estratexia de Acción Exterior, un documento excesivamente longo, xeralista, expositivo, analítico, sen dirección política, sen liñas estratéxicas, sen prioridades claras e sen medidas orzamentarias para a súa implementación. Fronte a este modelo, apostamos porque a norma desenvolva unha planificación estratéxica estruturada en Obxectivos, Liñas de actuación, Instrumentos e Accións medíbeis e avaliábeis. E na necesidade de concretar a Estratexia nun Plan Director Quinquenal e Plans Anuais de Acción.

Polo que se refire a ámbitos sectoriais, o texto pon en evidencia a fragmentación da acción exterior galega, a prevalencia da visión economicista, a falta de concreción no relativo á creación dunha marca-pais que integre cultura, comercio, turismo, ambiente ou innovación e que sirva para posicionar Galiza no mundo con atributos como a identidade diferenciada, a calidade de vida, a beleza natural, a creatividade ou a innovación.

Bótase tamén en falta no texto unha maior concreción e ambición a respecto da proxección internacional da cultura galega, a creación dun organismo que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

impulse esta proxección exterior, e unha proposta sobre as potencialidades dos Camiños de Santiago para a proxección cara a fóra da imaxe e da identidade do noso país, máis alá dos tópicos e das simplificacións.

No relativo aos ámbitos xeográficos da acción exterior, o texto reflicte todas as carencias e distorsións da acción exterior galega da última década. Isto é evidente no referido sobre todo ao Título IV, referido á Eurorrexión e Lusofonía. A desproporción entre o espazo que ocupa a Eurorrexión e o que se dedica á Lusofonía é toda unha declaración de intencións sobre as expectativas cativas e os límites con que se encara esta materia.

En relación coa Eurorrexión, e en xeral con toda a política exterior, bótase de menos cando menos na exposición de motivos dunha referencia á situación derivada da crise sanitaria da COVID, que constitúe unha ameaza e tamén unha oportunidade para impulsar unha nova axenda política na integración e a cooperación transfronteiriza.

Resulta chamativo que o Proxecto de lei non teña en conta e non integre a Lei de aproveitamento da lingua portuguesa e de vínculos coa lusofonía, lei de 2014 que supuxo un grande avance cando menos no plano simbólico e no do recoñecemento do interese estratéxico desta relación. Unha realidade que contrasta co decepcionante balance logo de 6 anos de vixencia desta norma, cuxo potencial non foi aproveitado. Basta comparar a falta de iniciativa e impulso por parte do goberno galego nesta materia, coa aposta estratéxica que fan outras comunidades como é o caso de Extremadura.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén resulta especialmente rechamante que non se faga ningunha referencia á Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), máxime cando hai un acordo parlamentario de 2018 que insta ao goberno galego e solicitar a integración nesta comunidade e hai entidades galegas como o Consello da Cultura Galega ou a Academia Galega da Lingua Portuguesa que xa teñen a condición de Observadores Consultivos.

Máis alá da Eurorrexión, que ten un amplo tratamento no texto, non existe ningunha referencia á alianza RESOE, Rexión do Suroeste Europeo integrada por Castela León, Galiza, Cantabria, Asturias, Rexión Norte e Centro de Portugal. E bótase tamén en falta a referencia á oportunidade de lanzar iniciativas máis ambiciosas como unha posíbel MacroRexión do Arco Atlántico, ao abeiro das Estratexias Macrorrexionais europeas.

Con respecto ao ámbito europeo, o texto céntrase na Unión Europea e no papel da Fundación Galicia Europa, un organismo que perdeu relevancia e influencia nos últimos anos e que debería reconverterse nunha sorte de Oficina de Defensa dos Intereses Galegos diante da UE, un espazo de encontro, de análise e de influencia do que deberían formar parte as institucións e tamén das entidades públicas e privadas.

Por último, o Proxecto de lei non lle dá a relevancia que merece ás entidades de estudos internacionais de Galiza, á formación en diplomacia e paradiplomacia, á información e á comunicación, con iniciativas como a creación dunha plataforma interactiva sobre a Galiza Global, materias que deberían incluírse nunha nova redacción da norma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia, solicitando a devolución ao goberno.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2020 10:59:57

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2020 11:00:05



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade, con expresa petición de devolución, ao Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia (doc. núm. 2794), sobre a base das seguintes consideracións:

Estamos diante un texto que pretende legislar cuestións importantes para Galicia, dada a súa especial proxección exterior dentro das comunidades autónomas do Estado por motivos basicamente históricos e culturais, e moi complexas e diversas, e trata de facelo dunha forma innecesariamente prolixa pero obvia materias fundamentais e necesarias. Na súa elaboración non se percibe a implicación dos actores interesados, nin da comunidade exterior galega, polo que non se reflicte adecuadamente a diversa problemática existente, ao tempo que se achegaron moi poucas alegacións no período de audiencia aos interesados.

Trátase dunha norma atrapallada, moi extensa e que abunda en cuestións kafkianamente burocráticas e declaracións tan extensas como baleiras de contido, así como imprecisa en canto aos obxectivos e medios cos que pretende conseguir os múltiples obxectivos que se marca, algúns tan etéreos como promover Galicia como “polo de excelencia científica e tecnolóxica”, un obxectivo completamente alleo á realidade cando Galicia está moi lonxe da media de investimento en I+D+i do conxunto do Estado, que pola súa banda está lonxe da media europea. Por non falar de que o concepto “polo de excelencia” é lingüísticamente tan equívoco como xuridicamente indeterminado.

En troques, non contempla apenas unha regulación da acción de promoción económica no exterior, máis alá de obxectivos etéreos como atraer investimento estranxeiro, moi loables se non fose porque non se contemplan os medios para facelo máis alá da idea de ler cada ano o informe “*doing business*”, o cal dá mostra da escaseza de determinación dunha lei que semella por momentos completamente allea á realidade, que avoga por captar inmigrantes especializados no exterior cando Galicia padece, por motivos basicamente económicos, unha crise demográfica tan aguda que presenta os peores datos de España e unhas cifras de paro que duplicaban as da OCDE antes de que se disparase pola crise derivada da actual pandemia.

Dedica un título, o IX, ás delegacións e oficinas autonómicas permanentes no exterior, no que semella un intento de mimetizar as actuacións de comunidades como Cataluña que foron moi polémicas nos últimos anos, e que semellan pouco atinadas na medida en que coa actual crise é previsible unha contracción dilatada no tempo dos recursos públicos dispoñibles, que en todo caso son limitados e moi preciosos, e a existencia dunha ampla rede de embaixadas e oficinas comerciais do Estado no exterior que poden servir – e de feito veñen servindo dende hai décadas- para as finalidades que se



contemplan sen necesidade de investir os escasos recursos públicos galegos en novos edificios carentes de utilidade.

Dedica un título, o X, a Novas redes de intereses galegos no exterior dun xeito totalmente impreciso e inane.

Por todo o anterior consideramos que a norma en tramitación debe ser obxecto desta emenda á totalidade con expresa petición de devolución.

Pazo do Parlamento, 24 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 24/10/2020 09:44:01



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia** (PL-000004, doc. núm. 2625), con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

1. Máis de dous anos para traer á Cámara este proxecto de lei, dende o mes de maio de 2018, que a conselleira de Medio Ambiente anunciou este proxecto de lei, reflicte a escasa aposta da Xunta de Galicia pola ordenación do réxime de prevención e de xestión dos residuos e por ende a falta de vontade para acadar unha maior calidade do medio ambiente e unha maior protección da saúde humana.
2. Tendo en conta que a normativa europea en materia medioambiental é moi dinámica, este retraso na tramitación, provoca, entre outras cousas, que este proxecto de lei non apareza aliñado coas políticas europeas sobre xestión de residuos, como por exemplo a Directiva (UE) 2019/904 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño 2019, relativa á redución do impacto de determinados produtos de plástico no medio ambiente, como se está a facer na lexislación estatal. Hai que sinalar que a mencionada Directiva (UE) 2019/904, contempla un ámbito que excede o dunha regulación dun fluxo específico de residuos, por estar presente o plástico na maior parte dos residuos xerados, e, dado o seu impacto no medio, resulta incomprendible que non se incorporen no presente proxecto de lei os preceptos fundamentais da directiva, aprobada hai máis dun ano.
3. Vulnera o Decreto legislativo de igualdade 2/2015, como se desprende do informe do impacto de xénero relativo a este proxecto de lei, firmado pola secretaria xeral de Igualdade, no que establece varias recomendacións para integrar nalgúns aspectos do seu articulado á perspectiva de xénero e á linguaxe inclusiva.
4. O Ditame do Consello Económico e Social, critica nas súas consideracións xerais, a falla de medidas reais para a educación e formación medioambiental, a falla de coordinación con outras comunidades autónomas, financiamento insuficiente aos concellos, pouca ambición nas obrigas da Administración de garantir o acceso á información recollida e



elaborada por parte do Goberno galego e de facilitar a participación na planificación.

5. A estratexia sobre a xestión dos biorresiduos é pouco ambiciosa, entendendo que a recollida selectiva e o tratamento diferenciado da materia orgánica de orixe domiciliaria implica, segundo datos do Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos 2016-2022 (PEMAR) e a bolsa tipo de Galicia, o 42 % dos residuos de competencia municipal, polo que, deben recortarse os prazos, establecendo como obxectivo para os concellos de máis de 5.000 habitantes a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro de 2021.

Tendendo a adaptar os modelos á realidade de cada un dos territorios, e polo tanto combinando fórmulas coma a compostaxe, con outras coma a recollida porta a porta. E aplicando o principio reitor de “Quen contamina paga”.

6. En canto ao procedemento sancionador, de forma incomprendible rebáixase o limiar máximo para as multas das sancións por comisións de infraccións moi graves e graves, con respecto a actual Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, sen ter en conta que a nova lei básica estatal que se está a tramitar establecerá, previsiblemente, marxes máis elevados. Por outra banda, non se incorpora unha disposición adicional na que se autorice á Xunta de Galicia a modificar, anualmente o importe das sancións con arranxo á variación anual do IPC.

Faltan estratexias de fiscalidade que graven as opcións de xestión menos desexables dende o punto de vista ambiental, e aplicación obrigatoria de sistemas de pago por xeración, responsabilidade ampliada do produtor, ou de fiscalidade xusta para adiantar á cidadanía na adopción de comportamentos responsables cara á xestión dos residuos.

Establecemento dun canon sobre a disposición do desperdicio dos residuos municipais coa finalidade de incentivar un comportamento máis respectuoso co medio e impulsar medidas de minimización e de valorización material dos residuos.

7. En relación ás entidades locais, debería incidir máis na necesaria coordinación interadministrativa nin os mecanismos para acadar un financiamento suficiente, ao tempo que non posibilita aos concellos a



acometer e aprobar os seus propios plans municipais de residuos, limitando a súa competencia a facer programas.

8. Rexeitamos o modelo de concentración ou modelo Sogama, que continúa a estar presente neste proxecto de lei e optamos, sen prexuízo da aplicación da xerarquía de xestión, que debe prevalecer, por un modelo de suficiencia e proximidade. Apostamos pola creación dunha rede para a valorización de residuos como a fracción resto, así como para a valorización enerxética e a disposición do rexeitamento.

Que permita a valorización dos residuos e, no caso de que non fora posible, a súa eliminación en instalacións axeitadas e próximas, que dean servizo a unha zona territorial concreta, e que utilicen tecnoloxías e medios idóneos en cada caso, para asegurar un elevado nivel de protección da saúde pública e do medio ambiente.

Consideramos máis axeitada a agrupación dun ámbito territorial determinado para acadar unha mellor economía de escala, sen descartar para ámbitos concretos a aposta por instalacións máis pequenas e de ámbito local distribuídas polo territorio.

E rexeitamos como solución a incineración polo impacto ambiental que produce.

9. Fai falla incidir tamén, en aspectos como a necesidade de facer partícipe á cidadanía neste labor, mediante a creación de campañas de sensibilización para mellorar a información a disposición da cidadanía sobre prevención na xeración de residuos, a súa separación axeitada en orixe, posible reutilización e a súa reciclaxe.

E que promovan a participación activa nas accións de redución da produción de residuos e o seu perigo, en accións de reutilización e na implementación da recollida selectiva.

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2020

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2020 16:30:00
Nº Registro: 4157
Data envío: 23/10/2020 15:27:08.860

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/10/2020 15:14:16

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGQfsGDxzm3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia [11/PL-000004 (doc. núm. 2625)]**, en base ás seguintes consideracións:

A pandemia provocada pola crise da COVID 19 modificou por completo as necesidades e prioridades dos gobernos e da sociedade, en Galiza e no mundo. As súas consecuencias afectan a ámbitos como a saúde, a produción e consumo de bens e materiais, a mobilidade, o ambiente e por suposto tamén a produción, xeración e xestión dos residuos., tal como reflicten diferentes estudos e estatísticas dos últimos meses. Resulta polo tanto rechamante que o Proxecto de lei non conteña nin a máis mínima mención ao novo contexto da COVID 19 e ao seu impacto na produción e xestión dos residuos.

A actual crise sanitaria está tamén directamente relacionada coa crise ambiental que ameaza a humanidade e o planeta, polo que fai necesario un cambio radical de paradigma e de políticas en temas cruciais como a enerxía, a mobilidade, os residuos ou a biodiversidade. O Proxecto de lei constitúe unha oportunidade perdida para comezar a traballar en serio neste novo paradigma que faga fronte aos grandes desafíos que temos como país e como sociedade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, ao longo dos anos 2019 e 2020 producíronse iniciativas da Comisión Europea, por exemplo en materia de economía circular ou de materiais críticos, que non se teñen en conta nin na exposición de motivos nin no articulado da lei, o que fai que sexa un texto desfasado.

A emenda de totalidade que presenta o BNG aséntase nos seguintes criterios:

1. Oportunidade

Non ten sentido aprobar unha norma destas características cando está en pleno proceso de transposición a Directiva Europea de Residuos (Directiva 2018/851, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos), o que vai provocar importantes modificacións normativas en relación coa prevención e a xestión de todos os tipos de residuos. O propio Ministerio para a Transición Ecolóxica sinala a necesidade de transposición da antedita Directiva “ e formula a posibilidade da elaboración dunha nova norma estatal de carácter básico en materia de residuos, mediante a cal se aproveite tamén para aclarar ou modificar aqueles aspectos da actual lei básica na materia (Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados), que tras estes anos de experiencia evidénciase que precisa dunha revisión.

Por outra parte, como dixemos, están en tramitación ou en debate importantes iniciativas a respecto de materias como O Informe da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre a aplicación do Plan de Acción da Economía Circular que





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fai referencia a aspectos fundamentais relacionados coa lei como a “Conversión dos residuos en recursos” ou a “Recuperación de materiais”

No caso de aprobarse agora esta lei, necesariamente vai ter que ser modificada nun prazo moi breve de tempo, polo que sería desexábel abrir un amplo proceso de diálogo institucional e de participación social, e aprobar a nova lei galega acompañadamente coa citada transposición. Cómpre ter en conta que o Proxecto toma como referencia a lei estatal de residuos de 2011, norma que en moitos aspectos copia literalmente, cando está en avanzado estado de tramitación unha nova norma estatal que vai modificar de maneira substancial moitas das súas determinacións.

Aínda que poida parecer que esta suspensión poida supoñer un retraso, hai que facer da necesidade virtude: por unha parte evitárase a mudanza inmediata dunha lei aprobada e a conseguinte perda de tempo, e, por outra, este período de tempo pode ser unha ocasión perfecta para abrir un proceso participativo e polo tanto informativo, formativo e de sensibilización social, sobre os obxectivos da norma e os desafíos que ten a sociedade galega en materia de residuos, tendo en conta o novo contexto e os desafíos que sinala a emerxencia da COVID 19.

2. Cambio de modelo

Este Proxecto que agora aquí presentan trata de agochar á desesperada a grande mentira propagandística que ten orquestrada a Xunta do PP dende fai uns anos, e que precisamente é a necesidade de adaptar a nova Directiva a que a destapa,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e que non é outra que o seu insustentábel modelo SOGAMA, un modelo que fai imposible que se poida aplicar o que se transpón da Directiva. A este respecto cómpre ter en conta que o Plan de Acción para a Economía Circular a Comisión Europea aclarou “a importancia dos distintos procesos de valoración enerxética con vistas a evitar a perda innecesaria de valiosos recursos mediante a descarga en vertedoiros e a incineración”. Quere isto dicir que a Comisión equipara como procesos altamente ineficientes e o depósito en vertedoiro e a incineración, e invita aos Estados a “mellorar a planificación para evitar o exceso de capacidade de incineración”. Argumentos contundentes que demostran que o sistema SOGAMA, baseado na xestión centralizada e na incineración, é un sistema do pasado: incongruente co novo marco normativo europeo (Directiva (UE) 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de maio de 2018, pola que se modifica a Directiva 2008/98/CE sobre os residuos) e incompatible coa Estratexia da Economía Circular e co Plan de Acción Para a Economía Circular.

Ante isto, o novo texto legal ten que ser a oportunidade para un verdadeiro cambio de modelo, que vaia máis alá da retórica e simulación. De nada vale invocar a “economía circular” e a “loita contra o cambio climático” cando o modelo económico, de produción e de consumo avanza na dirección contraria, a do dispendio de materiais primas e de recursos. Non chega con invocar o verde, o sustentábel, o circular: hai que romper moitas inercias e poñer en cuestión solucións que naceron para outros tempos de menos esixencias sociais e ambientais.

O certo é que no proxecto fálase da coherencia da política de residuos coa estratexia do cambio climático e da economía circular, mais a realidade é que tanto o sistema actual como o que propón o texto en moitos aspectos vai en sentido





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

contrario e para nada sustentábel. Cómpre pois cuestionar todo, procurar solucións “autóctonas”, propostas innovadoras, que teñan en conta a realidade do país, o marco competencial, as necesidades presentes e futuras da nosa sociedade, e os desafíos relacionados coa crise da COVID, que vai acelerar e impulsar moitas mudanzas pendentas.

3. Principios da política de residuos

O Proxecto ignora, relativiza ou minimiza principios básicos da lexislación e das políticas máis avanzadas nesta materia: o principio de proximidade e de autosuficiencia, e o principio de precaución, e o da responsabilidade compartida.

-Proximidade e autosuficiencia: principios que establecen que os residuos deben ser tratados preferentemente *in situ* ou co criterio de máxima proximidade, de xeito que se evite ou se minimice o seu traslado; a expresión ideal deste principio é a política do “km cero”. Supón que se debe optar por sistemas descentralizados, que minimicen o transporte e os custos do tratamento, e que maximicen o aproveitamento nunha escala razoábel e a circularidade real.

-Principio de precaución, segundo o cal os sistemas de xestión e tratamento dos distintos tipos de residuos deben minimizar os riscos para a saúde e o ambiente.

- Principio de responsabilidade compartida, onde se faga partícipe e se impliquen mecanismos coordinados entre tódolos axentes implicados na cadea de xestión (dende a concepción do produto ao tratamento final do residuo).





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Xerarquía de residuos

O Proxecto de lei non é congruente coa xerarquía de residuos. En primeiro lugar porque non lle dá a importancia que require á prevención, entendida como o conxunto de medidas adoptadas nas fases de concepción, deseño, produción, distribución e consumo dos materiais co obxectivo de reducir a cantidade de residuo e os efectos adversos sobre a saúde e o ambiente. Ao mesmo tempo, a prevención ten importantes repercusións no uso dos materiais e da enerxía, polo que se deberían priorizar e concretar no Proxecto as medidas económicas e fiscais de fomento da prevención da xeración de residuos.

En segundo termo porque prevé a posibilidade de alterar a xerarquía de residuos, que se ben supón a translación do previsto na normativa estatal, establece excepcións que poden ser un auténtico coadeiro para mudar as prioridades. Unha excepción que está detrás de garantir o “alimentar” os fornos da incineradora de SOGAMA.

5. Obxectivos e medidas para levalos a cabo

Este apartado debe ser obxecto dunha revisión completa. Por unha parte, o texto establece obxectivos para o ano 2020, moitos deles irrealizábeis tendo en conta que a lei vai entrar en vigor cando xa estea rematado o ano. A este respecto cabe sinalar que o sistema establecido nos plans en vigor non vai permitir cumprir os





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivos fixados para 2020 pola normativa estatal e europea. O cal leva ás seguintes conclusións:

-en Galiza optouse por un sistema fracasado e obsoleto, que ten uns resultados moi pobres en canto aos obxectivos de prevención e de preparación para a reutilización, que é moi custoso e que ten elevados impactos na saúde e no medio;

-o Proxecto de lei é a oportunidade para mudar o rumbo e cambiar de raíz a política de residuos, apostando decididamente pola prevención, pola autosuficiencia, pola corresponsabilidade.

Por outra parte, o cumprimento dos obxectivos cuantitativos futuros debería ser máis ambicioso e estar vinculado a un novo sistema que aposte decididamente por:

-A implantación do sistema de depósito, devolución e retorno para os envases, na liña do establecido na Directiva Marco de Residuos.

-O tratamento dos biorresiduos priorizando a compostaxe doméstica e comunitaria, así como plantas locais/comarcais, para tratar con criterios de autosuficiencia e proximidade unha fracción que actualmente constitúe máis do 50% dos residuos municipais (sen ter en conta os que se recollen separadamente). Este tratamento debe desenvolverse con criterios de máxima calidade técnica, especialización, formación e corresponsabilidade. O Proxecto de lei debe introducir tamén a consideración da compostaxe doméstica e comunitaria como operacións de prevención, outorgándolle as correspondentes vantaxes e incentivos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este novo sistema choca radicalmente co actual de SOGAMA, que optou por unha fuxida cara adiante mediante un macrocontrato para tratar de maneira centralizada todos os residuos sólidos urbanos producidos anualmente en Galiza, máis de 1 millóns de toneladas, que nunha lóxica de redución deberían ser menos no futuro. Por outra parte, SOGAMA ten unhas porcentaxes de reciclaxe moi baixas, que non chegan ao 5%, e unha previsión de multiplicala por tres coa ampliación das instalacións. E por se isto non fose abondo, responde a unha lóxica economicista (negocio da produción da enerxía) e non ambiental: xera inxentes cantidades de residuos sólidos con destino a vertedoiro, e produce toneladas de gases de efecto invernadoiro no proceso de transporte e de incineración. Unha lóxica aberrante e perversa, que contradí os criterios da economía circular e da loita contra a emerxencia climática.

7. Residuos industriais

O Proxecto non resolve axeitadamente os problemas de xestión e tratamento dos residuos industriais, especialmente no relativo a:

-erradicación das malas prácticas na xestión dos residuos inertes, en particular os de construción e demolición, especialmente no referido á proliferación de vertedoiros en ocos de canteiras, camuflados como plantas de tratamento ou como operacións de valorización sen as garantías ambientais, máis cando se lle dá o control absoluto das autorizacións ao departamento de minas da Xunta de Galiza;





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-os problemas asociados á xestión dos rexeites de plantas de tratamento de lixo, e dos lodos e outros residuos de depuradoras, conserveiras e instalacións industriais, tanto no que ten que ver co uso como emendas orgánicas e fertilizantes como co depósito en vertedoiros sen ningún tipo de control;

-as excepcións establecidas para o tratamento de residuos agrícolas e o seu uso como fertilizantes e emendas orgánicas, aspecto que está sendo obxecto de regulamentación polo goberno central;

-os problemas relacionados coa creación e aplicación de tecnosolos;

-os problemas relacionados co emprazamento das plantas de tratamento de residuos industriais, e a necesidade de establecer por lei criterios claros para a súa ubicación en espazos acondicionados e dotados urbanisticamente para iso, minimizando os riscos para a saúde e o ambiente e a seguridade ante accidentes. Coa actual redacción do Proxecto de lei, pérdese unha magnífica oportunidade para resolver un problema que está a provocar riscos ambientais e moita conflitividade social.

8. Medidas de fomento e Fiscalidade ambiental

O texto límitase a copiar a norma estatal. Carece pois de medidas valentes de incentivo ou penalización con criterios ambientais como:

-Medidas de estímulo da prevención e das accións de preparación para a reutilización e a reciclaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Medidas económicas e fiscais de desincentivación do sobreenvasado.

-Valoración do uso de materiais reciclados na contratación pública, tanto na obra pública como no subministro de bens e servizos.

-Fomento e fiscalidade favorábel para a reciclaxe e reintrodución no mercado de materiais de construción e demolición.

-Canon ambiental á incineración e ao depósito de residuos en vertedoiro.

9. Formación, sensibilización, participación e corresponsabilidade

O Proxecto de lei non resolve axeitadamente cuestións fundamentais para a boa xestión dos residuos como son:

-Programas de formación e sensibilización para todo o ciclo dos materiais, dos produtos e dos residuos, que vaian máis alá de simples campañas e que se insiran nunha auténtica Estratexia de educación ambiental.

-Propostas de novas titulacións e especializacións en materia de prevención e xestión de residuos, nomeadamente no ámbito da compostaxe.

-Máis alá da consideración reducionista da participación como un procedemento regrado de consulta e presentación de suxestións, cómpre desenvolver e recoller na lexislación a idea da participación como un proceso relativo a todas as fases da vida dos materiais e da xestión dos residuos, que debe implicar de maneira horizontal e de abaixo arriba a amplos sectores da poboación, para potenciar o





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGÓ

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

compromiso e a corresponsabilidade en todas as políticas ambientais e nomeadamente na xestión eficiente e sustentábel dos recursos naturais e dos residuos.

10. Información

Co obxectivo de conseguir os máximos niveis de transparencia á xestión dos residuos, a norma debería recoller un sistema público de indicadores para comprobar o cumprimento dos obxectivos nos diversos tipos de residuos e nos obxectivos relacionados coa prevención, recollida selectiva, reciclaxe, compostaxe, tratamento de residuos industriais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG considera que estamos ante unha norma contraditoria, que nace xa obsoleta e que non ten en conta as grandes mudanzas que se produciron nos últimos meses: é unha norma do mundo Pre-COVID para o mundo COVID e Post-COVID.

O Proxecto del lei máis que apostar polo R de Redución, Reutilización, Reciclaxe fica no erre que erre dunha fórmula fracasada. Estamos diante dunha norma máis preocupada por tratar de desviar a atención do fracaso do modelo SOGAMA (valorizadora ou, máis ben, devoradora dos residuos que Europa manda reaproveitar) e das súas políticas do todo vale cos residuos industriais (lodos, balsas contaminantes, vertedoiros encubertos en canteiras), que por dotarnos de solucións





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de presente e futuro. Por unha parte é incoherente coas esixencias ambientais e de loita contra o cambio climático xa que aposta por un sistema do pasado, centralizado, moi custoso en termos económicos e ambientais, e que non está á altura dunha verdadeira aspiración de economía circular real. Por outra, o Proxecto adoece de “obsolescencia programada”, porque cando entre en vigor xa quedará superado pola realidade e por importantes mudanzas normativas que se van concretar nos vindeiros meses. En resumo, que aínda non naceu e xa ficou vello.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula esta emenda de totalidade ao Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2020 10:37:39

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2020 10:38:35



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade, con expresa petición de devolución, ao Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia (11/PL-000006 (doc. núm. 2795), sobre a base das seguintes consideracións:

1. O proxecto de lei está redactado cun desleixo que provoca confusións graves que mesmo poden levar a unha indefensión xurídica. A propia organización dalgún dos títulos e capítulos que estruturan esta norma levan a confusión. Moitos artigos relacionados coa estrutura, obrigas, funcionamento e xestión dos museos, fondos e coleccións xeran dúbidas sobre se se aplican a todos os museos ou só aos integrantes do Sistema Galego de Centros Museísticos. A falla de atención na redacción mesmo leva a que se considere infracción o incumprimento de accións que só son obrigatorias para os museos integrados no dito sistema, cando a inspección se realiza sobre todos os centros museísticos.

2. Aínda que estamos de acordo coa necesidade dunha lei especificamente dedicada aos museos e centros museísticos, este proxecto é absolutamente inadecuado porque o seu contido non regula coa extensión e precisión necesaria aspectos fundamentais deste sector. Nin sequera define con precisión os distintos tipos de centros; por exemplo, o artigo referido aos centros de interpretación é totalmente confuso, cando este era un dos obxectivos básicos que afirma a Xunta de Galicia que ten esta norma, pero tampouco o fai con aspectos fundamentais como a xestión dos museos, a xestión documental, o uso das TIC -outro dos elementos que subliña a Consellería-, e moito menos impulsa a promoción dos museos para facer deles verdadeiros elementos de difusión cultural e cohesión social.

A pesar do que se afirma na exposición de motivos, este proxecto de lei non proporciona unha maior protección ao patrimonio cultural do que está desenvolvido na Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. De feito, esta Lei 5/2016 no Título VIII, artigos 111-117, xa regulaba os museos e coleccións museísticas e prevía un desenvolvemento regulamentario que en esencia é o que contén -aínda que de forma confusa- este proxecto de lei. Dito doutra forma, dado o contido deste texto, serviría perfectamente o reflectido na Lei de patrimonio cultural.



Semella que a Xunta de Galicia tan só quería sumar unha iniciativa legal máis ao conxunto desta lexislatura, é dicir, facer outra vez propaganda da súa xestión, o que se observa perfectamente nas notas de prensa publicadas sobre este proxecto de lei que acumulan moitas imprecisións como que é unha norma “pioneira no eido autonómico” cando a maioría das comunidades xa contan con leis semellantes elaboradas algunhas hai máis de 20 anos, ou que lexislará por primeira vez o papel dos museos cando xa estaban regulados na Lei de patrimonio cultural.

3. Entre as carencias deste texto é especialmente grave a falta de referencias á planificación do persoal dos museos e centros e a fixación das funcións de cada posto de traballo nas distintas áreas funcionais que se contemplan. Tampouco é admisible que se lexisle que as funcións directivas dos museos de titularidade ou xestión autonómica podan ser asumidas pola escala de grao medio de museos.

4. Do mesmo xeito, tampouco é admisible a vontade de intromisión da Xunta de Galicia na autonomía das outras administracións públicas que aparece neste proxecto de lei. Así, segundo o artigo 8 todos os centros museísticos públicos teñen que integrarse no Sistema Galego de Centros Museísticos, mentres que a participación dos centros privados é voluntaria. A mesma vontade de dominar o sistema apreciase no artigo 10 que regula a composición do Consello de Centros Museísticos de Galicia no que todos os membros son nomeados polo titular da consellería, ou no feito de que a creación dun museo o colección museográfica que non sexa de xestión da Comunidade Autónoma se realizará por acordo da Xunta de Galicia, cando o que debe facer o Goberno é dar unha autorización administrativa.

5. O proxecto de lei non contempla ningunha medida ou obriga por parte da Xunta de Galicia de impulso, fomento ou apoio económico para os centros museísticos que non sexan da súa titularidade ou xestión, nin sequera para os integrantes do Sistema Galego de Centros Museísticos. A realidade é que nin sequera contempla as obrigas da administración autonómica cos centros museísticos.

6. O texto está feito con tal falla de atención que non se coordina coa Lei 5/2016, do patrimonio cultural. Por exemplo, non queda recollido o réxime de depósito de achados arqueolóxicos cando no artigo 99 da citada Lei 5/2016 fálase dos achados casuais sinalando que se “poderán entregar nun museo público”. Mais isto non está regulado neste proxecto de lei.



7. Chama moito a atención que o Consello da Cultura Galega non teña ningunha presenza neste proxecto de lei. Non se atopa na relación de órganos e entidades que, segundo a consellería de Cultura, constituíron un grupo de traballo para a elaboración deste texto, aínda que non se incorpora na documentación que acompaña ao proxecto de lei ningún informe, acta, conclusións ni ningún documento xerado por este suposto grupo de traballo.

Tampouco se contempla no texto que o Consello da Cultura Galega forme parte do Consello de Centros Museísticos de Galicia, nin a Xunta de Galicia lle pediu que emitise ningún informe sobre este proxecto de lei.

Dado que o Consello da Cultura Galega ten entre as súas funcións investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego, tentando facer accesible a toda á cidadanía de Galicia os produtos máis valiosos tanto da cultura propia como da universal; analizar aquelas cuestións que se refiren ao patrimonio cultural galego nas súas diversas facetas e niveis, atendendo a súa preservación, ao seu estudo, a súa valorización e a súa difusión e asesorar aos poderes públicos da Comunidade Autónoma, especialmente á Xunta de Galicia, cremos que é a institución que mellor podía informar e corrixir este proxecto de lei, máxime cando ten unha sección de traballo especializada en patrimonio e bens culturais e moita experiencia no estudo dos museos.

Por todas estas razóns solicitamos a devolución deste proxecto de lei.

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 23/10/2020 13:36:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia [11/PL-000006 (doc. núm. 2795)]**, en base ás seguintes consideracións:

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego solicitamos a devolución do Proxecto de lei de centros museísticos de Galiza por razóns de forma e de fondo.

En canto á forma, cómpre sinalar que en democracia tan importante é o contido dos proxectos legislativos como o proceder na súa elaboración e tramitación.

Neste senso, resulta de todo punto inadmisíbel que, máis unha vez, a Xunta de Galiza obviase os órganos consultivos das administracións como son o Consello da Cultura Galega, a Universidade ou as Academias, así como outras institucións e entidades, para se pronunciaren, a través dos correspondentes informes, a respecto do Anteprojecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galiza, supoñendo unha práctica que ademais é proba e garantía de madurez democrática.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALÉGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que o artigo 32 do Estatuto de Autonomía sitúa o Consello da Cultura Galega como o máximo órgano de asesoramento e consulta dos poderes públicos da Comunidade Autónoma en materia de cultura e patrimonio.

Así mesmo, a Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega sinala no seu Título II, Competencias, que son funcións desta institución estatutaria, analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural e fomentar a lingua e a cultura galegas; investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego; asesorar e consultar aos poderes da Comunidade Autónoma no que xulgue preciso para a defensa e a promoción dos valores culturais do pobo galego e elevar aos poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Sorprende, asemade, que tampouco se pedise asesoramento ningún a outras entidades como a Real Academia Galega das Belas Artes ou as Universidades, recollidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza (artigo 7) como órganos asesores e consultivos nesta materia. Débese ter en conta que a Lei 5/2016 é o antecedente directo do Proxecto legislativo de museos e outros centros museísticos de Galiza que agora presenta o goberno.

Ningunha destas institucións e entidades participou tampouco no grupo de traballo creado pola Consellaría de Cultura e Turismo co que a Xunta de Galiza dixo contar na redacción do texto, de acordo coa información achegada na Memoria sobre as alegacións presentadas ao Anteproxecto de lei.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doutra banda, tamén en relación á debida transparencia e participación na tramitación lexislativa, é cuestionábel que o período de exposición pública do anteproxecto coincidise cos meses de verán (do 10 de xullo de 2019 ao 1 de agosto de 2019) o que dificulta a presentación de achegas. Isto é evidente se temos en conta que apenas foron presentadas tres alegacións, segundo consta na devandita Memoria.

En canto ao fondo ou contido concreto recollido no articulado do Proxecto de lei de Museos e outros centros museísticos de Galiza, desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego queremos facer as seguintes consideracións que, ao noso entender, sosteñen a presente emenda de devolución.

O Proxecto de lei recolle unha definición e consideración dos museos e centros museísticos conservadora e limitada, mesmo desactualizada, pois non ten en consideración as recomendacións formuladas polo *International Council Of Museums (ICOM)* na 139ª xuntanza da súa xunta directiva desenvolvida en xullo de 2019 en París, ou novas correntes de pensamento na museoloxía, a comezar pola museoloxía social, encamiñada a potenciar a función social dos museos como ferramentas para o desenvolvemento das comunidades e a transformación social.

Mesmo a palabra museoloxía, con todo o que significa como ciencia da xestión do museo, apenas se menciona, o que tamén dalgún xeito expresa o atraso na potenciación de tan atractivo recurso cultural e turístico como é o museo e a profesionalización do persoal do mesmo, o/a museólogo/a.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De facto, este anteproxecto mantén a definición de museos recollida na Lei 5/2016 do Patrimonio cultural de Galiza, unha nova proba da base anacrónica que sustenta este soporte lexislativo.

Doutra banda, resulta especialmente caótico que os trazos que conforman os museos non se inclúan na súa definición (artigo 3) e si no artigo 13, como tamén observou o Consello Económico e Social no seu informe. O mesmo acontece coas coleccións museográficas e os centros de interpretación.

Noutra orde de cousas, malia citar na exposición de motivos as Recomendacións sobre a protección e a promoción dos museos e as súas coleccións da UNESCO, estas non se concretan posteriormente no articulado. Así, o Proxecto de lei non recolle a necesaria colaboración entre os museos e a sociedade civil en tanto que ferramentas de desenvolvemento e transformación social; a adopción de códigos de ética e boas prácticas; os mecanismos de cooperación entre os museos e outras institucións relacionadas coa cultura, o patrimonio e a educación, mesmo en contradición con artigos da propia Lei de Patrimonio Cultural, 5/2016, como por exemplo co artigo 6, que fai alusión á colaboración coa igrexa católica, posuidora dun importante legado, en ocasións sometido a normas de clausuras, etc, que o ocultan e se ignora o seu valor museístico; a protección e promoción das coleccións que non se atopan en institucións museísticas; a inclusión social no acceso aos museos e outros centros museísticos ou o fomento das necesarias relacións internacionais, especialmente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con aqueles países ou lugares que teñan un especial vínculo histórico, cultural ou lingüístico, co pobo galego.

Así mesmo, exclúese o patrimonio cultural inmaterial e o patrimonio industrial, definidos na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza, ao igual que a memoria histórica.

Neste senso, trátase dun proxecto de lei moi pouco ambicioso, pouco claro en múltiples aspectos, mesmo desordenado e até certo punto caótico na súa formulación –como sinala o CES no seu informe, incumprindo unha norma básica de comunicación administrativa como a importancia da facilidade de comprensión para o conseguente cumprimento.

Non recolle as competencias da Comunidade Autónoma a respecto dos museos e outros centros museísticos; tampouco os criterios xerais que as políticas públicas nesta materia deben seguir; nin a clarificación daquelas competencias e obrigas que corresponden a outros niveis da administración, que as teñen, como acontece con concellos e deputacións provinciais que, alén do máis, son titulares dalgúns destes espazos, ou aqueles fondos museísticos pertencentes ao patrimonio militar, portuario, etc.

Falar, como se recolle no articulado, de coordinación e cooperación entre administracións sen clarificar competencias nin deseñar fórmulas para conseguir eses obxectivos supón apenas unha declaración de intencións.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Doutra banda, o Proxecto de lei renuncia a regular con claridade os museos ou coleccións museográficas que son titularidade de institucións como a igrexa ou o exército e as obrigas que estas teñen á hora de garantir, entre outras cuestións, o dereito de acceso non só de persoas visitantes senón tamén de persoas investigadoras deixando nas súas mans as devanditas condicións, máis alá do principio de non discriminación, o que evidencia pouca ambición ou certo timoratismo.

Cómpre abrir, desde este marco legislativo, canles para a xestión deste patrimonio dende ópticas museolóxicas facultativas que afectan á seguridade, conservación, documentación, estudo, divulgación..., articulando ademais nesta interacción legislativa e práctica a Fiscalía de Patrimonio cultural e a policía especializada en delitos contra o mesmo, entre outros departamentos.

Tamén obvia ao longo do texto, mesmo na exposición de motivos, a tradición histórica do galeguismo en materia museolóxica, así como a identidade nacional galega, á hora de propor novas categorías como a de “museos de interese nacional”, entendida como aquela que identifica espazos que sobrepasan o seu marco e teñen un significado especial para o patrimonio cultural de Galiza. Aspecto que, insistimos, proba a inmadurez nunha materia xa tratada no propio Seminario de Estudos Galegos hai un século.

A este respecto, debера quedar patente a idea prioritaria de potenciación do Museo do Pobo Galego, como Museo Nacional de Galiza (como o de Gales en Cardiff ou o Museo Nacional de Escocia).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cabería, asemade, sumar a este proxecto de lei a potenciación de centros museísticos, con todo o que implica a súa xestión, aquelas coleccións significativas das mesmas administracións: Concellos de capitais, Deputacións, Parlamento, Xunta...mesmo ás universidades, etc...como un xeito de documentar e divulgar a súa orixe e fins.

Finalmente, a respecto do Sistema Galego de Centros Museísticos que constitúe o elemento central do Proxecto de lei, cómpre lembrar que este xa aparecía recollido previamente na Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galiza (artigo 114) sen que fose desenvolvido durante os catro anos posteriores á súa entrada en vigor.

Alén diso, o Título II é se cabe a parte máis caótica e menos clara do Proxecto de lei especialmente a respecto da ordenación do seu contido e dos dereitos e obrigas dos centros integrados no Sistema Galego de Centros Museísticos.

Neste senso, o texto carece de concreción en aspectos fundamentais para a súa aplicación como a necesaria definición do contido do plan museolóxico, a programación anual de actividades e memoria de xestión; a organización do persoal así como as funcións pormenorizadas das direccións.

A respecto do Consello de Centros Museísticos de Galiza o proxecto de lei apenas concede representación ao goberno galego e persoas nomeadas por este (sen regulamentar o procedemento e criterios de escolla así como a vixencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do seu nomeamento) excluindo del outras institucións como o Parlamento de Galiza, a FEGAMP ou o Consello da Cultura Galega.

Finalmente, o Proxecto de lei non contempla un apartado específico dirixido a regular o labor de inspección en tanto que mecanismo para garantir o cumprimento das obrigas dispostas na norma.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera suficientemente xustificada a presente emenda de totalidade ao Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia, solicitando a devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG






OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/10/2020 10:36:19

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2020 10:36:31





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

